

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, creouse, adscrito á dirección xeral competente en materia de promoción do emprego, o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición derradeira primeira do citado decreto faculta a persoa titular competente en materia de traballo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

En uso desta facultade, esta orde desenvolve o Decreto 406/2009 no que atinxe aos diferentes actos inscribíbles previstos no decreto e regula a cancelación da inscrición e a necesaria coordinación que debe existir entre a oficina central e as oficinas provinciais do rexistro.

Tamén se desenvolve o procedemento para a inscrición da incorporación e separación de asociacións a unha federación, confederación ou unión de asociacións, non regulado no decreto.

Así mesmo, introdúcese unha disposición transitoria, establecendo un prazo de seis meses para que soliciten a inscrición as asociacións profesionais de traballadores autónomos que xa estivesen inscritas no Rexistro de Asociacións ou na Oficina Pública de Depósito de Estatutos de Asociacións Sindicais e Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, a orde inclúe como anexos os modelos de solicitude de inscrición dos actos relativos ás asociacións profesionais de traballadores autónomos.

En consecuencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto desenvolver o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 222, do 12 de novembro) no que respecta aos procedementos de inscrición dos actos inscribíbles establecidos no decreto e regular a cancela-

ción da inscrición e a coordinación e intercambio de información entre a oficina central e as oficinas provinciais do rexistro.

Artigo 2º.-*Actos inscribíbles.*

De conformidade co previsto no artigo 16 do Decreto 406/2009, serán obxecto de inscrición os seguintes actos:

- a) A constitución da asociación.
- b) As modificacións estatutarias.
- c) A identidade de titulares da xunta directiva ou órgano de representación.
- d) A apertura, cambio e peche de delegacións ou establecementos.
- e) As asociacións que constitúen ou integran federacións, confederacións ou unións de asociacións.
- f) A incorporación e separación de asociacións a unha federación, confederación ou unión de asociacións.
- g) A suspensión, disolución ou baixa da asociación e as súas causas.

Artigo 3º.-*Solicitude de inscrición da constitución da asociación.*

A solicitude de inscrición da constitución da asociación no rexistro formalizarase conforme o modelo que se xunta como anexo I a esta orde e deberá acompañarse, ademais da documentación en orixinal ou copia compulsada que se recolle nos artigos 17 e 18 do Decreto 406/2009, do 22 de outubro, da tarxeta de identificación fiscal cando se obtivese. No suposto que non se achegase xunto á solicitude, unha vez obtida a dita tarxeta, remitirase ao rexistro para a súa constancia.

Artigo 4º.-*Solicitude de inscrición da modificación dos estatutos.*

A solicitude de inscrición presentarase no modelo que se xunta como anexo II a esta orde e deberá achegarse, ademais da documentación en orixinal ou copia compulsada sinalada no artigo 19 do Decreto 406/2009, o xustificante do aboamento da taxa correspondente.

Artigo 5º.-*Solicitude de inscrición da identidade dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación.*

A solicitude de inscrición da identidade dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación formalizarase conforme o modelo que se xunta como anexo III a esta orde e deberá ir acompañada, ademais da documentación que se establece no artigo 20 do Decreto 406/2009, do xustificante do aboamento da taxa correspondente.

Artigo 6º.-*Solicitude de inscrición da apertura e peche de delegacións ou establecementos.*

A solicitude de apertura ou peche de delegacións ou establecementos dunha asociación presentarase

no modelo que se xunta como anexo IV a esta orde e deberá achegarse, ademais da documentación sinalada no artigo 21 do Decreto 406/2009, o xustificante de aboamento da taxa correspondente.

Artigo 7º.-Solicitud de inscrición de federacións, confederacións e unións de asociacións.

A solicitude de inscrición de federacións, confederacións ou unións de asociacións profesionais de traballadores autónomos formalizarase conforme o modelo que se xunta como anexo V a esta orde e terá que xuntarse, ademais da documentación establecida no artigo 23 do Decreto 406/2009, o xustificante de aboamento da taxa correspondente.

Artigo 8º.-Solicitud de inscrición da incorporación e separación de asociacións a unha federación, confederación ou unión de asociacións.

1. No prazo dun mes desde que se adoptase, na forma que se establecese estatutariamente, o acordo de incorporación ou separación dunha ou varias asociacións a unha federación, confederación ou unión de asociacións, dirixirase a solicitude de inscrición ou separación á oficina do rexistro onde se atopen inscritas, conforme o modelo que se xunta como anexo VI a esta orde.

2. O contido da solicitude e a documentación, en orixinal ou copia compulsada, que deberá achegarse será o seguinte:

a) A solicitude deberá conter os datos que se indican no artigo 17 do Decreto 406/2009, así como o número de inscrición na correspondente oficina do rexistro da federación, confederación ou unión de asociacións.

b) Xunto coa solicitude deberá achegarse a acta da reunión ou o acordo da entidade federativa, ou certificado da acta ou do acordo expedido polas persoas ou cargos da entidade federativa con facultade para certificarlos, no que se resolverse a incorporación ou separación da asociación ou asociacións, na que deberá constar, ademais da data en que se adoptase:

-A denominación exacta e o domicilio social da federación, confederación ou unión de asociacións.

-A denominación exacta, o domicilio social e o número de inscrición no rexistro da asociación ou asociacións que se incorporan ou se separan da federación, confederación ou unión de asociacións.

-Por cada unha das asociacións que se incorporen á federación, confederación ou unión de asociacións, unha certificación expedida polas persoas ou cargos con facultade para certificar, do acordo adoptado para a súa integración e a designación da persoa ou persoas que as represente na entidade federativa.

3. Así mesmo, deberá achegarse o xustificante de aboamento da taxa correspondente.

Artigo 9º.-Solicitud de inscrición da suspensión, disolución ou baixa da asociación e as súas causas.

A solicitude de inscrición no rexistro presentarase no modelo que se xunta como anexo VII a esta orde e deberá ir acompañada, ademais da documentación prevista no artigo 22 do Decreto 406/2009, do xustificante de aboamento da taxa correspondente.

Artigo 10º.-Cancelación.

A cancelación no rexistro da inscrición das Asociacións, Federacións, Confederacións e Unións Profesionais de Traballadores Autónomos producirase pola perda dalgún dos requisitos previstos para a súa cualificación, de oficio ou por instancia da entidade interesada, e pola revogación do NIF.

Artigo 11º.-Sistema de rexistro.

1. Cada asociación disporá no rexistro dunha folla rexistral, á que se lle atribuirá un número ordinal.

2. Na folla rexistral practícaranse todas as inscricións e anotacións á marxe que resulten preceptivas para cada asociación. A inscrición e posteriores anotacións numeraranse correlativamente segundo a orde cronolóxica da súa produción. A cancelación determina a extinción da inscrición.

3. Os documentos que accedan ao rexistro formarán o expediente de cada entidade, incorporándose ao arquivo do rexistro.

4. O sistema do rexistro disporá dos medios informáticos e telemáticos oportunos que sexan necesarios para a simplificación do procedemento.

Artigo 12º.-Coordinación e intercambio de información.

1. As oficinas provinciais remitirán semestralmente á oficina central do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia a inscrición e as súas alteracións, incluída a disolución e liquidación, das asociacións rexistradas por aquelas, ao tempo de practicar os correspondentes asentos, mediante a remisión de copia autorizada da correspondente folla rexistral e das súas modificacións.

2. A oficina central e as oficinas provinciais do rexistro facilitarán copia da documentación que dispoñan, cando respectivamente a requiran, para o exercicio das funcións rexistrais que lle corresponden.

Artigo 13º.-Número de inscrición.

1. De conformidade co previsto no artigo 27 do Decreto 406/2009, aprobada mediante resolución a inscrición de constitución dunha asociación, federación, confederación ou unión de asociacións profesionais de traballadores autónomos, a oficina central e as oficinas provinciais do rexistro asignaranlle a cada unha destas un número de xeito correlativo e independente para cada unha das seccións en que se estrutura o rexistro.

2. Os números de inscrición constarán de nove díxitos e unha letra: os dous primeiros identificarán a oficina central ou as oficinas provinciais do rexistro, os tres seguintes expresarán a orde secuencial e os catro últimos corresponderán ao ano da inscrición, aos que se engadirá a sección en que se inscriba a entidade, codificada cunha letra.

Disposicións adicionais

Primeira.-Adaptación de estatutos das asociacións profesionais de traballadores autónomos.

De conformidade co previsto na disposición adicional única do Decreto 406/2009, as asociacións profesionais de traballadores autónomos constituídas en aplicación da lexislación anterior e que gocen de personalidade xurídica á entrada en vigor da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, conservarán o seu recoñecemento para todos os efectos e entenderanse validadas sempre que cumpran os requisitos da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e os da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

As asociacións inscritas á entrada en vigor do Estatuto do traballo autónomo no rexistro público que en cada caso resultase obrigatorio na dita data, en virtude da validación á que se refire o punto anterior, non terán que inscribirse en ningunha outra oficina distinta ao Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos creado polo Decreto 406/2009, sen prexuízo, de ser o caso, da obriga de adaptar os seus estatutos ás disposicións da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Segunda.-Asociacións profesionais de traballadores autónomos inscritas na Oficina Pública de Depósito de Estatutos de Asociacións Sindicais e Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

As asociacións profesionais de traballadores autónomos inscritas na Oficina Pública de Depósito de Estatutos de Asociacións Sindicais e Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co Real decreto 873/1977, do 22 de abril, sobre depósito dos estatutos das organizacións constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, deberán cumprir co establecido no Decreto 406/2009, coa seguinte particularidade: o requisito do artigo 18 do Decreto 406/2009, relativo á acta fundacional, entenderase cumprido coa certificación de personalidade xurídica das asociacións de traballadores autónomos expedida pola Oficina Pública de Depósito de Estatutos das Asociacións Sindicais e Empresariais onde estean depositados os seus estatutos.

Terceira.-Colaboración e cooperación con outros rexistros.

O Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, o Rexistro de Asociacións da consellería

competente en materia de asociacións e a Oficina Pública de Depósito de Estatutos de Asociacións Sindicais e Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia establecerán os oportunos mecanismos de cooperación e intercambio de información que sexan necesarios para o desenvolvemento das funcións que teñen encomendadas.

Disposicións transitorias

Primeira.-As asociacións profesionais de traballadores autónomos constituídas en aplicación da lexislación anterior, integradas polos ditos profesionais e inscritas como tales no rexistro central ou nos rexistros provinciais da consellería competente en materia de asociacións ou na Oficina Pública de Depósito de Estatutos de Asociacións Sindicais e Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán solicitar a inscrición na oficina central ou nas oficinas provinciais do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta orde e procederán a adaptar os estatutos ao establecido na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Segunda.-Coa solicitude de inscrición á que se refire o punto anterior, deberá acompañarse, en orixinal ou copia compulsada, a seguinte documentación:

- a) Certificación da acta da asemblea xeral convocada especificamente para tal efecto, na que se acordase a modificación, detallando o artigo ou artigos modificados, quórum de asistencia e resultado da votación.
- b) Estatutos adaptados, asinados polo secretario e co visto e prace do presidente da entidade.
- c) Tarxeta de identificación fiscal.

Terceira.-As asociacións inscritas na Oficina Pública de Depósito de Estatutos de Asociacións Sindicais e Empresariais da consellería competente en materia de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia deberán solicitar na dita oficina, na que causarán baixa sen perda da personalidade xurídica, o traslado á oficina correspondente do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

*Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.*

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRIPCIÓN DA CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DA INTERNET	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓN EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

Tarxeta de identificación fiscal.
 Acta fundacional.
 Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE -Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. -Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de _____

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRIPCIÓN DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DA INTERNET	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓN EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

- Acta da reunión da asemblea xeral da asociación ou certificado desta, que recolla o acordo adoptado polo que se modifican os estatutos, a relación do artigo ou artigos modificados, o quórum de asistencia, o resultado da votación e a data da súa aprobación.
- Nas modificacións de estatutos que non consistan exclusivamente no cambio de domicilio social sen alteración do ámbito territorial, texto íntegro dos novos estatutos que conteña os artigos modificados, asinados polos representantes da asociación, nos que se faga constar, mediante a oportuna dilixencia expedida ao final do documento, que quedaron redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral ou, de ser o caso, de acordo co procedemento establecido nos seus estatutos, e deberá constar, en ambos os casos, a data en que se adoptou a modificación.
- Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun Rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>-Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i> <i>-Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 20____		

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO III

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRIPCIÓN DA IDENTIDADE DOS TITULARES DA XUNTA DIRECTIVA OU ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DA INTERNET	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓ EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

Acta da reunión ou do acordo adoptado ou certificado da acta ou do acordo polo que se elixisen ou modificasen os titulares da xunta directiva ou órgano de representación, en que deberán constar a data en que se adoptaron, os nomes e apelidos, domicilio e demais datos de identificación, a data de nomeamento e, de ser o caso, da ratificación e aceptación polos titulares, a data de revogación e do cesamento, de ser o caso, dos titulares saíntes e a sinatura dos titulares e, de ser o caso, dos titulares saíntes.

Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE -Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. -Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de _____

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO IV

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRIPCIÓN DA APERTURA E PECHE DE DELEGACIÓN OU ESTABLECEMENTOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DE INTERNET	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓN EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

- Acta da reunión ou acordo adoptado ou certificado da acta ou do acordo no que deberá constar, ademais da data na que se adoptase:
- A rúa, número, municipio, localidade, provincia e o código postal do domicilio da nova delegación ou establecemento, no caso de que se inscriba a súa apertura.
 - A rúa, número, municipio, localidade, provincia e o código postal do domicilio social da delegación ou establecemento que se pecha, no caso de que se inscriba o seu peche.
- No caso de que se acorde a apertura dunha ou varias delegacións ou establecementos e, pola súa vez, o peche dunha ou varias delegacións ou establecementos, deberán constar os datos do punto anterior respecto de cada unha delas.
- Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lop.d.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>-Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i> <i>-Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____	

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO V

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRICIÓN DE FEDERACIÓNS, CONFEDERACIÓNS E UNIÓNS DE ASOCIACIÓNS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DA INTERNET	
[]		[]	[]	
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO
[]			[]	[]
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRICIÓN NO REXISTRO
[]	[]	[]	[]	[]

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
[]	[]	[]	[]
ENDEREZO		PROVINCIA	
[]		[]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓN EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	
[]		[]	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
[]	[]	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
[]	[]	[]

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

Tarxeta de identificación fiscal.

Acta fundacional, na que deberá constar a denominación, número de inscrición e domicilio de cada unha das asociacións fundadoras.

Certificación expedida polas persoas ou cargos con facultade para certificar de cada unha das asociacións que se integren na federación, confederación ou unión de asociacións do acordo adoptado para a súa integración e a designación da persoa ou persoas que representen a entidade asociativa no acto constitutivo desta.

Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE -Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. -Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
[]	[]
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
[]	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de []

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO VI

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRIPCIÓN DA INCORPORACIÓN E SEPARACIÓN DE ASOCIACIÓN A UNHA FEDERACIÓN, CONFEDERACIÓN OU UNIÓN DE ASOCIACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DA INTERNET	
[]		[]	[]	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
[]		[]	[]	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO
[]	[]	[]	[]	[]

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
[]	[]	[]	[]
ENDEREZO		PROVINCIA	
[]		[]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓN EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	
[]		[]	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
[]	[]	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
[]	[]	[]

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

Acta da reunión ou o acordo da entidade federativa, ou certificado da acta ou do acordo no que se resolverse a incorporación ou separación da asociación ou asociacións na que deberá constar a data en que se adoptase, a denominación exacta e o domicilio social da federación, confederación ou unión de asociacións, a denominación exacta, o domicilio social e o número de inscrición no rexistro da asociación ou asociacións que se incorporen ou separen da federación, confederación ou unión de asociacións e certificación expedida polas persoas ou cargos con facultade para certificar de cada unha das asociacións que se incorporen á federación, confederación ou unión de asociacións do acordo adoptado para a súa integración e a designación da persoa ou persoas que a represente na entidade federativa.

Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE -Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. -Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE [] DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____		

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de []

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO VII

PROCEDEMENTO REXISTRO DE ASOCIÓNS PROFESIONAIS DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS - INSCRICIÓN DA DA SUSPENSIÓN, DISOLUCIÓN OU BAIXA DA ASOCIACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR359G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF	ENDEREZO DA INTERNET	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRICIÓN NO REXISTRO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/NIE
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CARGO QUE TEN OU CONDICIÓN EN QUE ACTÚA		CORREO ELECTRÓNICO	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos recollidos nesta solicitude serán incluídos nun rexistro de carácter público. A publicidade do rexistro non acada os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal, con excepción do nome e apelidos dos membros dos órganos de goberno ou representación. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do tratamento dos datos, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE -Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia. -Orde do 17 de setembro de 2010 pola que se desenvolve o Decreto 406/2009, do 22 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar

Departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar de

Este anexo está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es>

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X)

Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

a) No suposto de inscrición da suspensión da asociación:

Copia da resolución xudicial firme pola que se establece a suspensión das súas actividades.

b) Para a inscrición da disolución:

Cesamento dos titulares dos órganos de goberno e representación, asinado por estes, ou as razóns da ausencia de sinatura.

Balance da asociación na data da disolución.

Datos identificativos de todas as persoas encargadas da liquidación, de ser o caso, coas súas respectivas sinaturas, e o documento acreditativo da súa identidade.

Destino que se lle vai dar ao patrimonio de acordo co establecido nos seus estatutos.

Se a disolución tivo lugar polas causas previstas nos estatutos, referencia aos artigos en que se recollan as ditas causas e documento acreditativo da data na que se produciron aquelas.

Se a disolución é consecuencia da vontade das persoas asociadas expresada na asemblea xeral convocada para o efecto, a acta da reunión da asemblea xeral ou certificado daquela expedido polas persoas ou cargos con facultade para certificarla, no que conste a data na que se adoptou e o quórum de asistencia e o resultado da votación.

Se a disolución ten lugar por sentenza xudicial firme, copia da sentenza xudicial firme pola que se dita a disolución da asociación, salvo que conste no rexistro por ter sido notificada de oficio.

c) Para a inscrición da baixa da asociación:

Documento acreditativo de ter concurrido as circunstancias que deron lugar á disolución da asociación e do escrito asinado por todas as persoas liquidadoras no que se faga constar que se lle deu ao patrimonio resultante o destino previsto nos seus estatutos, sen que existan acredores e solicitude da cancelación dos asentos rexistrais, se a baixa se produciu como consecuencia da disolución ou liquidación da asociación.

Se a baixa se produciu por modificación do ámbito territorial, do réxime xurídico ou rexistral da asociación, ou por algún outro motivo legalmente establecido, documento acreditativo das causas que motivaron a baixa e a data na que se produciron aquelas.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Decreto 151/2010, do 23 de setembro, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 29 de setembro de 2010.

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño).

O artigo 13.13º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, faculta o Consello da Xunta de Galicia para aprobar as medidas para garantir os servizos mínimos nos casos de exercicio do dereito de folga polo persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma.

As centrais sindicais Confederación General del Trabajo (CGT), Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO.-

Galicia), e Confederación Intersindical Galega (CIG), comunicaron a convocatoria de folga xeral que afectará todas as actividades laborais e funcionariais desempeñadas polos traballadores/as e polos/as empregados/as públicos/as das empresas e organismos establecidos dentro do ámbito xeográfico e xurídico do Estado español, e que se desenvolverá entre as 0.00 horas e as 24.00 horas do vindeiro 29 de setembro de 2010. Non obstante, naquelas empresas que teñan varias quendas de traballo, o comezo da folga efectuarase na primeira quenda, aínda que empece antes das 00.00 horas do día 29 de setembro, e a súa finalización terá lugar unha vez rematada a última quenda, aínda que se prolongue despois das 24.00 horas do día 29 de setembro. Así mesmo, naquelas empresas que teñan unha única quenda de traballo pero que empece antes das 00.00 horas do día 29 de setembro, o paro iniciárase á hora de comezo da actividade laboral e finalizará o día 29 de setembro na hora en que conclúa esta.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns